

ARA-SOL ROMERO VÁZQUEZ

**INTEGRADORA E EDUCADORA
SOCIAL**

*“Hoxe estou no lugar que me
corresponde”.*



Chámome Ara-Sol, nacín na Coruña (1994) e vivín durante a meirande parte da miña vida na Avenida de Monelos, na última das torres dos mariñeiros. Alí fun á escola e despois ao instituto. Fixen as primeiras amizades e tamén namorei. Pasei tardiñas ao sol nos bancos do barrio e tamén refuxiada na habitación durante o inverno. Aínda que me considero moi de Monelos, teño un cariño especial pola Falperra, que é o barrio dos meus pais. O meu nome significa altar ao sol. Prové dunha lenda de Fisterra; un home nunha barca sae a descubrir onde é que morre o sol cada noite e nunca na vida regresa. Entón é en Fisterra que colocan un altar ao sol na súa honra. Preguntei moitas veces na familia a razón pola que me chamo así e cada vez dan unha versión distinta. Non teño absolutamente nada claro, sei que os meus pais teñen vinculación emocional con esa zona e que a miña madriña coñecía o nome. Mais que iso...

Non sabería definir se fun boa ou mala estudante. Sempre que me interesaba a materia ou a temática sacaba boa nota e cando non, pasaba olímpicamente, iso facía que as medias subiran ou baixaran moitísimo, chegando a suspender moitas e mesmo chegando a repetir curso. Isto ocorreu en segundo de bacharelato, quedei un ano enteiro con Historia de España e isto motivou o meu pasotismo con respecto á selectividade, entón o meu obxectivo foi entrar nunha FP. Foi aí que topei con Integración Social e posteriormente estudei Educación Social, porque

entrei no social e xa non saín máis.

Ao remate do grao co-fundei coa miña compañeira inseparable Antía e mais Antón e Hadrián, unha asociación sociocultural chamada Zona Hadal. O nome fai alusión a unha das zonas máis fondas do océano e, en contraposición a iso, á necesidade de chegar ao profundo e aportar luz e claridade indo á raíz dos conflitos, das cuestións...Ten a súa sede no antigo ultramarinos Casa Paco da Rúa Travesa en Betanzos.

Fago collage desde o confinamento e ilustración desde sempre. Son integradora e educadora social de profesión, máis as artes plásticas están moi presentes na miña vida. Ía cara un futuro de violonchelista, pero unha lesión fixo que as metas mudaran. A música sempre estivo acompañándome nas diferentes etapas da miña vida a pesar de deixar de tocar. Pertencer a unha agrupación musical é crear comunidade, compartir, aprender entre iguais e mesmo entre distintas xeracións ou procedencias... e penso que a música en certo modo para min é todo iso. Escoito desde a música tradicional até a comercial. Agora ando bastante preto do samba e ritmos tradicionais de Brasil pola miña estancia, mais a música de autor é a miña favorita.

Marchei a Brasil en setembro de 2023. Diría que foi por amor á miña compañeira, pero co tempo

descubrín que foi por amor propio e liberación persoal. Penso que o amor é o motor para estar na vida. Para procurar estar presente e tendo razóns polas que facer as cousas. O amor propio, o amor polo que unha fai ou polas súas ideas fai que poidamos conviver bonito, facer as cousas en comunidade, traballar por un benestar común. Para min amar é protexer e dar tenrura.

En Brasil vivín medio ano en Bahía e outro medio no litoral de Rio de Janeiro. Menos dous meses que sentín en primeira persoa o que era vivir en Río cidade, o resto do tempo habitei comunidades pequenas que apenas se atopaban “comidas” polo turismo. Agora estou vivindo unha tempada en Betanzos pero con moita saudade de América Latina. A paisaxe foi o que me namorou de Brasil, a espiritualidade que existe en cada recuncho, a música... a natureza, as flores, os alimentos, as froitas, o mar, o río... é o que boto de menos. A enerxía salvaxe que teñen as cousas, que a natureza forme parte absolutamente da vida das persoas como un membro máis da comunidade.



Collage pertencente á exposición Ordem e progreso, que ilustra unha viaxe de case un ano por Brasil percorrendo cidades, vilas e comunidades. Na súa estancia de dous meses en Río de Janeiro, Ara achegouse ao Museo Nacional dos Povos Indígenas e foi alí, na única sala que se mantén aberta desde o goberno de Bolsonaro, onde atopou aquilo que levaba buscando desde a súa chegada: materiais para facer collage.